

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Sala de Grados I da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos

DATA: 17 decembro de 2018

HORA DE COMEZO: 13:00 h

HORA DE REMATE: 13:15 h

### **ASISTENTES:**

Julia Álvarez García

Victor Barrientos Rodríguez

Luis Cea Gómez

Javier Eiras López

Ángel José Fariñá Lamosa

Jesús Fernández Rúiz

María Belén González Fonteboa

Juan Alfredo Jácome Burgos

María Isabel Martínez Lage

María Rocío Mihura López

Luis Montenegro Pérez

Margarita Novales Ordax

Alfonso Orro Arcay

Luis Pena Mosquera

Juan Luis Pérez Ordóñez

Ignacio Pérez Pérez

Ana María Rodríguez Pasandín

José Sande González-Cela

Gumersinda Seara Paz

José Antonio Seoane Nolasco

Francisco Javier Taibo Pena

Julia Vázquez González

### **ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:**

Viviana Barneche Naya

Alfredo Del Caño Gochi

María Pilar De La Cruz López

Ricardo Antonio Juncosa Rivera

Luis Esteban Medina Rodríguez

José Ramón Méndez Salgueiro

Acacia Naves-García Rendueles

Enrique Peña González

Francisco Javier Samper Calvete

Preside a Sesión a Sra María Isabel Martínez Lage, directora do Departamento. Actúa como secretaria a Sra. Julia Álvarez García.

## **ORDE DO DÍA**

### **1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores**

Apróbanse por asentimento as actas da reunión ordinaria do 13 de xuño de 2018 e extraordinarias do 5 de xullo e 27 de setembro de 2018 .

### **2. Informe da directora**

a) Altas e baixas no profesorado do departamento:

A Directora informa neste apartado das últimas modificacións que afectaron ao profesorado do departamento.

Por un lado da a benvida o Profesor Ángel José Fariña Lamosa, que obtivo a praza de Profesor interino de substitución a tempo completo da Área de Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría con docencia na Facultade de Ciencias da Comunicación.

Con respecto á outra praza concedida pola reitoría de profesor asociado para a área de Proxectos da enxeñería da Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol, informa que o proceso demorouse un cuadrimestre a petición da área afectada, pero xa foi convocada e na actualidade encóntrase en proceso de resolución.

Tamén informa de que foi baixa no Departamento o profesor asociado José Antonio Rodríguez Legarreta da área de Enxeñería hidráulica ao non ser renovado o seu contrato pola Reitoría, e na mesma área, a Reitoría cambiou a dedicación do profesor David Hernáez Oubiña de P4 a P3.

Os contratos do resto dos asociados e interinos de substitución foron renovados sen cambios na dedicación.

Con respecto as solicitudes de dúas prazas de axudantes doutores presentadas dende o departamento, informa de que non foron concedidas. Para as 20 prazas ofertadas recibiron un total de 33 peticións que cumprían os requisitos. Unha das solicitudes quedou no posto 22, polo que non entrou dentro das ofertadas, e a outra consideraron que non cumpría os criterios.

b) Bolseiros de colaboración:

Este curso os alumnos que obtiveron a bolsa para colaborar co departamento foron Alexandre Prada Varela y José Pajarrón Puga.

Como no curso pasado foron os propios alumnos os que elixiron as áreas cas que colaborar. Neste caso Alexandre Prada colaborará coas Áreas de Enxeñería Hidráulica e Enxeñería e infraestrutura dos transportes, e José Pajarrón coa Área de Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogramétrica.

d) Plan de Estudos da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica:

Neste apartado a directora informa de que na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica están elaborando de novo o seu plan de estudos, para o que solicitaron ao departamento as fichas das materias impartidas. A directora convocou a área que imparte docencia en dita escola, que elaborou as fichas. Unha vez recibidas enviáronse á dirección da EUAT.

### **3. Solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios)**

A directora informa das solicitudes de avaliación docente recibidas no departamento e trasládaas o Consello para a súa aprobación. Solicitaron a avaliación da docencia os profesores:

Ricardo Antonio Juncosa Rivera e Francisco Javier Taibo Pena

Apróbanse por asentimento.

### **4. Modificacións do POD do curso 2017/2018**

A directora trae para a súa aprobación diversas modificacións do POD aprobado no consello del 13 de xuño, todas elas a petición das áreas:

a) *Área de Enxeñería hidráulica*. Solicitan cambiar 10 horas de “*Portos e costas*” e 10 horas de “*Dirección e explotación de portos*” asignadas ao profesor Juan Acinas que se asignen a José Sande. 10 horas de “*Obras marítimas e portuarias*”, 5,5 de “*Obras Costeiras*” e 4,5 de “*Augas de transición e costeira*” asignadas a José Sande se asignen a Juan Acinas.

Con respecto á nova adxudicación da docencia que figura no POD aprobado no consello asignada ao profesor José Antonio Rodríguez Legarreta propoñen a seguinte distribución: José Anta 15 HDE e 5 HDI, Luis Cea 15 HDE e 5 HDI e Jerónimo Puertas 5 HDI.

E por último, dado que María Bermúdez solicitou impartir docencia acordaron asignarlle 15 horas de HDI e 5 de HDE de “*Hidráulica e hidroloxía I*” que no POD figuraban asignadas ao profesor Jerónimo Puertas e 6 HDI de “*Obras hidráulicas II*” que tiña asignadas Luis Cea.

Apróbase por asentimento o cambio.

b) *Área de Enxeñería do terreo*. Neste caso inclúense no POD as seguintes materias que non figuraban no POD inicial.

“*Hidroloxía aplicada as obras públicas*”, o profesor Javier Samper impartira 6 HT y 9 HP e o profesor Vicente Alcón 24 HT y 6 HP.

Das materias impartidas por esta área á falta de alumnos matriculados en “*Enxeñería do terreo II*” provocou que dende a Reitoría se decidira eliminala da oferta. Polo que para compensar a perda de carga docente da profesora encargada da materia, Gisela Longueira, a área acordou encomendarlle as horas de “*Hidroloxía aplicada as obras públicas*”, asignadas inicialmente ao profesor Vicente Alcón.

Apróbase por asentimento o cambio.

c) Área de *Tecnoloxías do medio ambiente*. Neste caso inclúense no POD as seguintes materias que non figuraban no POD inicial.

“*Enxeñería sostible urbana*”, asignase a docencia ao profesor Juan Cagiao, 30 HT e 15 HP.

“*Xestión avanzada do saneamento*” asignada a súa docencia aos profesores Alfredo Jácome, 15 HT y 10 HP e Joaquín Suárez, 15 HT y 5 HP.

Apróbase por asentimento o cambio.

d) Área de *Enxeñería e infraestrutura dos transportes*. Neste caso solicitan cambios de asignación entre profesores da área.

Propoñen asignar a Pablo Orosa Iglesias, bolseiro FPI, a seguinte docencia: 10 HDI de “*Camiños e aeroportos*” asignadas ao profesor Ignacio Pérez, 5 HDI de “*Camiños*” asignadas a Ana M<sup>a</sup> Rodríguez Pasandín e 10 HDI de “*Explotación de estradas*” asignadas a Carlos Martínez Bustelo. Asígnanselle a Carlos Martínez Bustelo 10 HDE que lle figuraban no POD inicial a Ignacio Pérez.

Apróbase por asentimento o cambio.

e) Área de *Proxectos da Enxeñería*. As horas que figuraban no POD inicial sen asignar das materias de “*Deseño industrial, sociedade e empresa*”, “*Tecnoloxías de desenvolvemento do produto*” e “*Deseño e produto*” asígnanse a José Ramón Méndez e as de “*Deseño básico*”, “*Proxectos de deseño I*” e “*Técnicas da expresión artística aplicada*” a Jon Solozábal.

Apróbase por asentimento o cambio.

## **5. Asuntos de trámite**

Non existen asuntos de trámite.

## **6. Quenda aberta de palabra**

No se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión as 13:15 horas e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Julia Álvarez García

Visto e prace

A presidenta

María Isabel Martínez Lage